

Modificación da Resolución do 2 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025.

A Resolución do 2 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025, no seu "Apartado 2. Categorías de participación", recolle as categorías nas que poden concorrer os diferentes tipos de centros educativos.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, na súa vontade de recoñecer e apoiar boas prácticas e experiencias de innovación educativa en todos os eidos do ensino, considera que ademais dos centros de ensino ordinarios e de educación especial, tamén poderán presentar as súas candidaturas aquelas iniciativas desenvolvidas nas aulas hospitalarias, recoñecendo así o seu papel esencial na atención educativa do alumnado en situacións de hospitalización.

Tras a publicación da presente ampliación, dito Apartado 2 debe quedar como segue:

Apartado 2. Categorias de participación

1. Establécense dúas categorías de participación:
 2. **Categoría A:** escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria e colexios de educación primaria.
 3. **Categoría B:** centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros públicos de educación e promoción de persoas adultas.

Poderán concorrer os centros anteriormente citados que impartan e presenten proxectos vencellados ás ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación de persoas adultas e bacharelato.

2. **Para os únicos efectos desta convocatoria, as aulas hospitalarias poderán concorrer na categoría B.**

Asimesmo, o prazo para presentar candidatura segundo se recolle no Apartado 5 da devandita Resolución ampliase ata o día 31 de outubro de 2025.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

